



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés e Laura Seara Sobrado, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A violencia de xénero non é só un mal endémico da nosa sociedade. É un atentado contra os dereitos das mulleres que menoscaba os principios e valores democráticos e a convivencia entre as persoas que integran unha comunidade. A maiores das estatísticas nacionais, autonómicas e municipais das que dispoñemos, son incontables as vítimas de abusos físicos e psicolóxicos que, por distintos factores, vense sometidas a diario a un drama de enormes dimensións que non sempre sae á luz pública. Lamentablemente, en moitos casos, é o pasamento das afectadas ó que pon fin a unha vida de sometemento, maltrato, vexación e inxustiza.

Ante a gravidade do problema, as Administracións teñen despregado distintos mecanismos para facer fronte á violencia contra a muller, dende o ámbito estatal ata o municipal. A pesares de que cada día son maiores os esforzos, os orzamentos e o número de especialistas dedicado a protexer as vítimas, este lamentable fenómeno ten un espazo, case a diario, nos medios de comunicación.

No ano 2006, o Goberno do Estado deu luz verde á Ley Integral Contra la Violencia de Género, un documento que marcou un punto de inflexión na loita contra o maltrato físico e psicolóxico das mulleres. Coa súa aprobación, a Administración central deu un paso fundamental para involucrarse e, de xeito integral, plantar cara a un problema que, ata entón, permanecía no ámbito privado. O texto incluíu tamén a posta en marcha do Observatorio Nacional de Violencia Contra la Mujer, coa función principal de contar cun centro de análise da situación e da evolución deste triste fenómeno. Naquel intre, estableceuse para Galicia un 6,72 por cento do montante total do fondo estatal, que ascendía a 12.000.000 de euros. O Goberno que encabeza José Luis Rodríguez Zapatero amosou tamén con outras medidas a súa preocupación pola violencia contra a muller, como os



Grupo Parlamentario

proxectos innovadores para garantir a asistencia social ás vítimas do maltrato.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Paralelamente, o actual Goberno galego está a impulsar as súas iniciativas co fin de axudar ás mulleres que se atopan nesta situación, coma a Lei 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, a creación do Salario da Liberdade...

Non debemos esquecer, sen embargo, o papel fundamental que xoga a Administración local na loita pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, en xeral, e concretamente na prevención contra as agresións ás mulleres e no apoio ás vítimas da violencia de xénero. Entre o 3 de setembro do ano 2007 e o 30 de setembro deste ano, foron 3.203 as mulleres galegas que contactaron co teléfono 016 do Ministerio da Igualdade para informarse e obter asesoramento xurídico sobre este fenómeno. Sen esquecer o inmenso traballo que realiza este servizo, o Ministerio e a propia Xunta de Galicia, cómpre recordar a necesidade de que os Concellos desenvolvan un papel fundamental para loitar contra esta lacra. Neste traballo conxunto que involucra ás administracións e á sociedade, o Goberno galego ten que ser consciente da necesidade de apoiar economicamente ás entidades locais: estas constitúen, dende sempre, o primeiro punto de referencia para a cidadanía. O mesmo debe acontecer coa violencia de xénero, posto que é fundamental que as vítimas poidan recorrer ás administracións que consideran máis próximas para pedir axuda e poder iniciar unha nova vida, algo ao que todos temos dereito.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Que medidas concretas está levando a cabo a Xunta de Galicia cos concellos galegos en materia de violencia de xénero?

2.- Cal foi o orzamento total destinado pola Xunta de Galicia nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008 para apoiar aos concellos galegos na loita contra a violencia de xénero?



Grupo Parlamentario

3.- Que opinión lle merece á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a contribución dos concellos galegos na loita contra esta lacra social?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Laura Seara Sobrado
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 06/11/2008 16:18:23

Laura Seara Sobrado na data 06/11/2008 16:18:31